




Asunto: Resolución	Destinatario:
Referencia: Xefatura/ICL/lrf	Alcalde – Presidente do Concello de Oleiros
Data: 18/02/2015	Praza de Galicia, 1 15173 Oleiros

Segundo se establece na Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15), pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no seu artigo 2, apartado 2 di: *“A persoa titular da Xefatura Territorial delimitará as áreas de influencia dos centros e as limitrofes destas, oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directores/as e un/unha representante das/dos titulares dos centros privados concertados, e logo do informe da inspección educativa. De non estar constituído o consello escolar municipal, oírase o concello ou concellos afectados”*.

Unha vez tratado na Xunta Provincial de Directores e oído o Consello Escolar Municipal, de acordo co anterior, esta xefatura territorial, segundo o disposto no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e no artigo 34 da Orde de 12 de marzo de 2013, **resolve modificar a área de influencia dos seguintes centros pola posta en marcha dun novo CEIP no Concello de Oleiros, do xeito que se reflicte:**

- **Ao CEIP de Oleiros adscribese O Seixo (pertencente á parroquia de Liáns), dende a Nacional VI ata o límite co Concello de Culleredo, (ata agora asignado ao CEIP Valle Inclán) e as parroquias de de Nós e Iñás, dende a Nacional VI ata os límites cos Concellos de Culleredo e Cambre. (Asignadas ata agora ao CEIP A Rabadeira)**
- **Os CEIPs Valle Inclán e A Rabadeira, ceden estas zona ao novo CEIP de Oleiros**
- **A Urbanización Montrove adscribese na súa totalidade ao CEIP A Rabadeira.**



Asdo.: Indalecio Cabana Leira